



Ao amencer venatorio

O 19 de outubro, data do comezo da tempada de caza na nosa comunidade, é o gran día de festa no calendario dos cazadores galegos. Este día é un símbolo máis que unha gran xornada cinexética, porque, dende hai anos, a caza de boa parte das especies réxese por unhas tempadas diferenciadas, acorde con criterios biolóxicos propios; sen embargo o que conforma unha realidade é que o comezo da tempada de caza correspóndese quizáis coa maior explosión social do noso mundo rural.

Os cazadores abordamos esta nova tempada con ilusión, expectación, incertidume e responsabilidade.

Ilusión porque a caza é unha pasión, pasión que o cazador fai racional, pero que desexa, case anhela.

Expectación porque durante todo o ano os cazadores cumprimos cos deberes de xestión cinexética nos nosos montes co fin de que as especies poidan reproducirse nas mellores condicións. Coidamos, case mimamos, aos cans que son os nosos grandes aliados. Puxemos e dispuxemos o preciso para que ésta poida ser unha boa tempada, sen preocuparnos por facer grandes capturas –na caza menor quedaron para a lembranza- pero co ánimo e a intención de desfrutar de extraordinarios lances de caza, do compañeirismo da nosa cuadrilla e de fenomenais días de campo.

Na natureza nada é matemático, hai factores externos pouco ou nada controlables, a climatoloxía, as enfermidades..., e algúns que outros quedan fora do alcance das decisións dos cazadores, os usos da terra, os cultivos, todo isto fai que ese equilibrio inestable tan propio da natureza sexa cada vez máis difícil de atopar e por iso a caza ten unha grande dose de incertidume.

A responsabilidade debe abordarse dende varias vertentes, en primeiro lugar responsabilidade ca natureza –a caza é o aproveitamento dun recurso natural renovable e como tal debemos actuar-, responsabilidade porque compartimos territorio con moitas persoas, como é o caso de agricultores, gandeiros e silvicultores cos que non só compartimos espazo, senón tamén o punto de vista e o xeito de entender a natureza dentro dun medio rural vivo. Dun tempo a esta parte incorpóranse ao uso do monte outras persoas que practican actividades diferentes, sendeirismo, micoloxía, etc., cun enfoque e perspectiva do monte máis urbana que rural; todos eles son benvidos, contan co noso respecto –o mesmo respecto que nos agardamos obter deles- e forman parte dese uso multifuncional do monte. Unha visión só bucólica da natureza e os seus usos case sempre leva a unha deformación da realidade.

O noso primeiro obxectivo para esta nova tempada cinexética debe ser a seguridade, aínda que as estatísticas demostran que a caza xa é unha actividade segura, debemos intentar acadar a seguridade absoluta, “sinistralidade cero”, para o cal non escatimaremos esforzos colectivos, pero non cabe dúbida que a maior aportación será a prevención de todos e cada un de nos.

E xa para concluír, disfrutemos da nosa actividade deportiva, practiquémola racional e responsablemente, sexamos coidadosos co entorno e respetuosos con quenos o habitan e o usan, para que a nosa actividade e a nosa actitude sexan cada vez máis respetadas e respetables.

José María Gómez Cortón

PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA